



MESA PROVINCIAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Lugo, 29 de setembro de 2016

ACTA DA MESA DE ASOCIACIÓN



DEPUTACIÓN DE LUGO



**ACTA DA MESA PROVINCIAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO
MESA DE ASOCIACIÓN**

Reunidos no Pazo Provincial o xoves 29 de setembro de 2016 con motivo da Celebración da Mesa Provincial dos Camiños de Santiago, iníciase no Salón de Plenos ás 10.26h a Mesa de Asociacións, na que participan os seguintes convocados:

Inicialmente estaban convocados:

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don Ramón Fernández Fernández.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DA PROVINCIA DE LUGO, Don Ángel Trabada Gómez.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA, Don Jorge López Rodríguez.

En representación da ASOCIACIÓN ABRINDO CAMIÑO, Don Alfonso Blanco Torrado.

En representación da ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA, Dona Aida Menéndez Lorenzo.

En representación do FORO DE AMIGOS DO CAMIÑO PRIMITIVO, Dona Xosefa Ortiz- De Galisteo Pérez. Asiste Adolfo Marín.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ETAPA 31, Dona Helena País Lojo.

En representación de FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don José Antonio de la Riera.

En representación do CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA E DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE HOSTELERÍA, Don Francisco José Real Castro.

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE ALBERGUES, Don Pedro Xosé Quintana López.

En representación da ASOCIACIÓN LUGO PATRIMONIO, Dona Carolina Casal Chico

En representación da ASOCIACIÓN ANCARES PATRIMONIO, Don Xabier Moure Salgado.

En representación da ASOCIACIÓN LUGO MONUMENTAL, Don José Antonio Armesto Díaz.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE, Don Manuel Muñiz Besteiro.

En representación da ASOCIACIÓN ADEGA, Dona Adela Figueroa Panisse.

Entre os convocados que excusaron a súa presenza atópase a ASOCIACIÓN MARIÑA PATRIMONIO.

Sinalar que non estaban convocados, pero participaron na Mesa: En representación do FORO DE AMIGOS DO CAMIÑO PRIMITIVO. Adolfo Marín



E ó final non asistiu: En representación da ASOCIACIÓN LUGO PATRIMONIO, Dona Carolina Casal Chico

En calidade de Presidenta da Mesa, Pilar García Porto (Deputada Provincial), e en calidade de Secretaria da Mesa, Laura Vázquez Janeiro (Bióloga da Área de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo).

Inicia a mesa A Deputada Pilar García Porto.

- Agradece a asistencia dos representantes dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento de actividades nos diferentes Camiños de Santiago.
- Intentarase facer un estudo dos Camiños. Unha análise dende o punto de vista asociativo e elaborar un traballo neste tempo (2h), elaborando unha diagnose que evalúe a situación actual, dende o punto de vista interno, e tamén externo, coas debilidades, ameazas e oportunidades e fortalezas que contamos, nestos dous campos, na actualidade.
- Propónse para facilitar o desenvolvemento da mesa, unha primeira rolda de intervencións, ca presentación previa, intervindo un so membro de cada asociación. Pídese concisión, para facilitar a elaboración de conclusións e análise. Despois haberá outra rolda máis de intervencións.
- Agradece a asistencia e a intervención das asociacións. Estase aberto a suxerencias.....e se a fórmula e estructura empregada parece ben a todos, e senón hai máis cuestións dáse paso a primeira intervención.

Rolda de presentacións

- Dáse paso a primeira intervención.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ETAPA 31, Dona Helena País Lojo.

- E a más pequena das asociacións, pouco coñecida. Viven á pé do Camiño case tólodos socios. Veñen a aportar.

En representación de FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don José Antonio de la Riera.

- Trae saúdos da presidenta da asociación. Veñen a expoñer e a colaborar

En representación do CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA E DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE HOSTELERÍA, Don Francisco José Real Castro.

- Preséntase

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE ALBERGUES, Don Pedro Xosé Quintana López.

- Preséntase

En representación da ASOCIACIÓN ANCARES PATRIMONIO, Don Xabier Moure Salgado.

- Pide a inclusión dunha nova variante do Camiño o seu paso polos concellos da comarca dos Ancares (Becerrea)



DEPUTACIÓN DE LUGO



En representación da **FORO DE AMIGOS DO CAMIÑO PRIMITIVO**. Adolfo Marín.

- Ven en representación do Foro Amigos do Camiño Primitivo e tamén traballa na Asociación de Amigos do Patrimonio de Castroverde.

En representación da **ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA**, Dona Aida Menéndez Lorenzo.

- A Mesa parécelle interesante.
- Veñe a aprender e a valorar a súa situación.

En representación da **ASOCIACIÓN ABRINDO CAMIÑO**, Don Alfonso Blanco Torrado.

- Traballan fundamentalmente na coordinación do treito do Camiño pola Terra Chá, e na loita pola variante marítima do Camiño Norte. Traballan en colaboración coas diversas asociacións do trazado Norte do Camiño de toda España.

En representación da **ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA**, Don Jorge López Rodríguez.

- Veñe a ver o que se pode dicir, cousas positivas e cousas negativas.

En representación da **ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DA PROVINCIA DE LUGO**, Don Ángel Trabada Gómez.

- Teñen a sede en Lugo. Traballan en todos os Camiños que pasan pola provincia oficiais e non oficiais.

En representación da **ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO**, Don Ramón Fernández Fernández.

- Preséntase.

En representación da **ASOCIACIÓN LUGO MONUMENTAL**, Don José Antonio Armesto Díaz.

- Preséntase. O Camiño como punto de unión de varios Camiños.

En representación da **ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE**, Don Manuel Muñiz Besteiro.

- Preséntase. Tamén pertenecen ao Foro do Camiño. Veñen a debater e a expoñer puntos diversos dos nosos Camiños.

En representación da **ASOCIACIÓN ADEGA**, Dona Adela Figueroa Panisse.

- Integrada tamén no Foro do Camiño. ADEGA ten editado unha guía para facer o Camiño de modo ecolóxico hai máis de 10 anos en varios idiomas.
- Traballa dende hai tempo na conservación do patrimonio natural e cultural no Camiño, a pesar das malas noticias que se teñen últimamente.
- Chámalle a atención que este foro que é cultural sexa convocado pola área de Turismo e non de Cultura, dada a importancia do noso patrimonio cultural asociado ó Camiño.
- Resalta a importancia do Camiño Primitivo que se atopa moi abandonado, e no seu paso por Lugo é algo fundamental para a cidade.



En representación da ASOCIACIÓN DO CAMIÑO PRIMITIVO (Dona Xosefa Ortiz-De Galisteo Pérez).

- Ven da A Fonsagrada. A asociación na actualidade está obsoleta, non actualizada, pero non quere perder a súa oportunidade de estar aquí pola importancia que ten A Fonsagrada na concesión e no trazado do Camiño Primitivo.
- E tamén para sinalar cousas que estánse a facer mal no Camiño nestes últimos tempos, que provocaron alteracións que é necesario expoñer e revisar.

Fala a continuación Xesús Basanta, que ven coma acompañante dentro da Asociación Abrindo Camiño ao seu paso por Mondoñedo.

- Luis Fernández, o presidente da asociación, non pode asistir, e ven a defender a variante marítima do Camiño o seu paso por San Martín de Mondoñedo.

Primeira rolda de intervencións

Rematada esta rolda de presentacións, colle a palabra a **Deputada Pilar García Porto**, dando lugar á primeira rolda de intervencións, seguindo o mesmo orden que o principio.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ETAPA 31, Dona Helena País Lojo.

- Empeza falando das ameazas. Vive no Camiño e tamén vive del. Vive as 24h no Camiño (ten un albergue). O más grave é a nivel medio ambiental e paisaxístico, dado que o Camiño está peor que hai 5 anos.
- O Camiño por esta etapa 31 é Reserva da Biosfera, é LIC, Patrimonio da Humanidade, Núcleo da Reserva da Biosfera....e todo isto non serve para garantir a súa protección. Esta peor que hai 5 anos. Moita dexeneración.
- Lanza ás Administracións a cuestión de...o Camiño dexenérase a pasos axigantados, que é o que queremos?
- Que se quiere?, medio millón de peregríns ou calidade no Camiño?. Cantidad ou calidade...??
- O Camiño é un modelo, é un dinamizador turístico, pero se ve que o Camiño Francés perde xente, está en peor estado (medio ambiental)...que queremos fazer?, cara onde queremos ir?
- No Camiño os pobos son pequenos e non poden soportar estes modelos con tanta presión e dexeneración.
- Está claro que o Camiño é un modelo dinamizador, pero as Administracións non son capaces de protexelo.
- Repetir modelos q saturen o Camiño ou calidade? Que se quiere fazer cos camiños? Cara onde se quiere ir? Q modelo queremos seguir?
- O Camiño baséase no tema turístico cando o esencial é a súa conservación. Ningún o está a entender.



DEPUTACIÓN DE LUGO



Intervén **Pilar García Porto** sinalando a necesidade de que nesta primeira rolda de intervencións, as mesmas sexan curtas, de 4 ou 5 minutos cada unha, dando lugar depois nunha segunda rolda ó debate.

En representación de FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don José Antonio de la Riera.

- O modelo de Camiño debería de ser cultural, pero é un modelo fráxil. O Camiño na actualidade está sendo xestionado por Turismo, e ningúén entende isto
- Represento a varias asociacións, e falando cas asociacións de distintos puntos de España, a conclusión é que nos últimos 100 quilómetros o Camiño Francés está a converterse nunha xestión puramente estadística.
- O turismo sostible é o futuro noutros lugares. Aquí se fala só de estadísticas.
- Búscase unha mera xestión estadística producíndose un fenómeno de pérdida de peregríns en relación co ano anterior.
- O que resiste é o Camiño Primitivo pero o Francés é o más afectado negativamente.
- O Camiño perde peregríns, en comparación o Francés está peor que os Camiños Primitivo e Portugués.
- O Camiño na súa entrada en Galicia perde calidade, e partir de Sarria a cousa vai peor.
- Estamos a falar da "Domesticación do Camiño", e o que ocorre en A Fosagrada é algo indescriptible. En lugar de protexer a diversidade querece converter o Camiño nun parque urbano, con bancos e "barbacoas".
- Os problemas ó pé do Camiño son moi graves, e somos os que estamos nos albergues e ó pé do mesmo os que temos que ver polos problemas que hai nel.

En representación do CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA E DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE HOSTELERÍA, Don Francisco José Real Castro.

- Hai xente nestas mesas que está más preparada ca min para falar dos problemas que teñen os Camiños, dende as asociacións e dende a xente que vive ó pé do Camiño.
- Nótase unha falta de sinalización e promoción dos Camiños "novos", é dicir, os Camiños que non sexan o Francés.
- Dotar os outros Camiños que non sexan o Camiño Francés de dotacións e infraestructuras
- Perseguir dalgunha maneira a picaresca que reside no sector o que eu represento.

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE ALBERGUES, Don Pedro Xosé Quintana López.

- **Esta intervención sinalar que non está recollida no vídeo.
- Albergues privados de Galicia, non están profesionalizados, fálase de que son os responsables da degradación dos Camiños (parques temáticos)

En representación da ASOCIACIÓN ANCARES PATRIMONIO, Don Xabier Moure Salgado.



DEPUTACIÓN DE LUGO



- Piden a inclusión de variantes do Camiño Francés que na actualidade xa funcionan como tal.
- Presentaron a proposta á Xunta no pasado mes de Abril, aínda sen resposta
- Fixeron unha labor investigadora (inicialmente investigación verbal) e de recopilación da documentación. O Camiño descorre por O Cebreiro, As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo), os concellos a apoian (Becerreá e Baralla apoian xa), e a Deputación deu unha subvención, avalada polo PSOE, o BNG ca abstención do PP.
- Pretenden dar a coñecer esta variante. É unha variante documentada do Camiño Francés (Ruta Küning). (Arquivo Histórico)
- O apoio os Camiños de Santiago da a impresión que estase a converter nun tema máis político que cultural.

En representación da FORO DE AMIGOS DO CAMIÑO PRIMITIVO. Adolfo Marín.

- En nome do Foro de Amigos do Camiño Primitivo, comenta a sentenza recente do 14 de setembro fronte a proposta que fixo a asociación dada a pouca claridade que existe entre o trazado do Camiño oficial e o a trazado do Camiño histórico ou orixinal, que ás veces fai que os peregrinos vaian pola estrada principal Castroverde)
- A resolución de dita desestimación do trazado oficial do Camiño Primitivo fronte o histórico ou orixinal foi denegada, manténdose os criterios que levaron o trazado e a delimitación da traza oficial.
- Dende a nosa Asociación deféndese o trazado histórico, non só polo seu valor cultural, senón que tamén implica temas legais, de xente que se apoderou de trazas orixinais do Camiño de maneira ilegal.
- Isto pode verse no concello de Castroverde, onde os peregrinos se están a desviar directamente ó estrada, co risco que isto conleva para a súa seguridade e comodidade.
- Tamén convendría falar do acondicionamento excesivamente técnico do Camiño, dado que estase a facer dende o punto de vista técnico. Trátase dun Camiño nada adaptado ó Camiño orixinal que fai perder a calidade ó mesmo que se desvíe do concepto orixinal do Camiño.
- Todo isto conleva a decepción dos peregrinos maila a súa incomodidade (inundacións, o novo trazado failles doer os xeonllos.....e con todo isto perde o seu valor orixinal, valor que eles o facer o Camiño esperaban atopar.
- Conven recuperar a traza histórica nas condicións orixináis nos Camiños, dentro dun Camiño sostible e de calidade

En representación da ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA SACRA, Dona Aida Menéndez Lorenzo.

- A Asociación representa ó Camiño de Inverno, que recentemente foi aprobado oficialmente despois de moitos anos e moitos traballos, recoñecido na Lei de Patrimonio o pasado mes de agosto (axuda do Consorcio da Ribeira Sacra).
- O traballo de recuperación hai máis de 20 anos que se está a levar ca axuda dalgúns concellos. En Lugo hai máis de cen fitos colocados, pero a maior debi-



lidade que ten o Camiño de Inverno é a de poder concretar máis a súa sinalización, está mal e non existe apenas.

- Dende o ano 2008 ca axuda dalgún concello e do Consorcio da Ribeira Sacra empezáronse a colocar moitos deles.
- El Plan Director que planteo o Xacobeo é mellorable. As corredoiras enhár-canse....sobre todo no Val de Lemos, e máis tramos do trazado están en moi mal estado...pide a intervención da Xunta, a través do seu Plan Director, pero tamén a necesidade de implicación dos concellos.
- Trátase de intervencións mínimas (en poucos tramos) que mellorarían moito as condicións do Camiño (é preciso a colaboración conxunta da Deputación de Lugo e mailos Concellos implicados)
- O Plan Director comezaría no 2017-2019....polo que é preciso que a axuda das outras Administracións comece canto antes.
- É preciso intervencións urxentes, dada que en distintos foros creados hai moitas queixas que se poderían solventar con aportacións mínimas.
- Infraestructuras e albergues públicas e privados tamén son necesarias, sendo necesario que se facilitara a iniciativa privada. Tamén se pide unha pequena axuda ós hosteleiros da zona,...que impulsaría outras actuación para melloras no Camiño. Todo elo sen esperar o Plan Director.
- A través dos Leaders e outras subvencións europeas, podería haber axudas para concellos pequenos, pero Monforte por exemplo, polo número de habitantes quedaría excluído. Polo tanto é preciso que existan axudas de Deputación e Concellos para a iniciativa privada. Hai que conxugar axudas e non se pode esperar á posta en marcha do Plan Director.
- Estas son as grandes debilidades que se observa no Camiño de Inverno. ■
- Coma oportunidades hai moitas neste Camiño de Inverno, en Ponferrada, onde arranca este Camiño e comentan da masificación deste Camiño na súa entrada a Galicia. O Camiño de Inverno é unha oportunidade de diversificación dos Camiños.
- É unha oportunidade para que este Camiño non entre na picaresca do sector privado. Habería que unificar a sinalización e a hostelería evitando e controlando a picaresca que fai desviar ós peregrinos a aloxamentos onde hai roubos de mochilas, etc...
- É unha ruta nova e virxe.
- Dende a páxina web caminodeinverno.com hai moitos peregrinos que falan dun servizo de mochilas.
- Outra oportunidade é para os pobos do sur de Lugo. A despoboación de pobos pequenos coma Belesar, supón unha oportunidade de abrir cantinas....aloxamentos en pobos que non teñen nada. É unha oportunidade de desenvolvemento económico.
- Oportunidades do Camino de Inverno...moitas!!...parte do Camiño Francés que ven de fora de Galicia, pode realizar este tramo.
- Ha que procurar unificar sinalizacións, é una ruta nacente que se quere levar nun camiño e modo único (unificar tamén co sector privado).



- Hai que unificar os criterios e a sinalización do sector privado e público polo ben do Camiño
- Dende a asociación se fixeron viaxes a outras Comunidades, polo que facer un Centro de Acolida de Peregrinos diferente ós que xa existen, sen que sexa un punto de información turístico, sería preciso. Como exemplo noutras administracións temos a Administración Navarra, para estar o servizo do peregrino. É estar in situ, sendo moi interesante a creación dun centro recepcionado por asociacións e non por administracións.
- Reivindica o papel das asociacións ó pé do peregrino. As asociacións foron as que sempre estiveron ó pé do peregrino e as que deron a coñecer ás Administracións os Camiños.

En representación da ASOCIACIÓN ABRINDO CAMIÑO, Don Alfonso Blanco Torrado.

- Subliño cousas que xa saíron. O deterioro da paisaxe. Débese loitar en varios frontes, non só por darrle unha estrutura mellor ó peregrino.
- Por onde pase o peregrino ten que existir conciencia do noso patrimonio e que temos a obriga de manter para nós e para as nosas xeracións futuras.
- Hai que tomar conciencia do noso patrimonio natural, arquitectónico...da toponomía....é unha obriga dos habitantes do Camiño para garantir a súa conservación.
- Os que vivimos ó pé do Camiño temos a obriga de conservalo e mantelo, hai Camiño porque as xeracións anteriores son as que o coidaron e protexeron, patrimonio que agora estamos gozando nós e que o gozan os peregrinos que fan o Camiño. Falamos de desenvolvemento sostible.
- Poderíase facer unha campaña co voluntarios dos Camiños que traballasen para a conservación da natureza.
- É importante contar cos habitantes e os voluntarios que viven no Camiño.
- Ninguén aprecia o que non coñece e ninguén valora o que non afonda nel. Urxe a conservación das paisaxes, árbores....literatura oral, lendas, contos.....relacionado cos Camiños.
- Conservar o natural, non converter os camiños coma parques temáticos. Conservar a paisaxe coma está. Manter vivo o noso patrimonio para os que nos visitan.
- Felicitar esta iniciativa, porque podemos aprender unhas asociacións doutras. Aprender uns Camiños doutros. Os problemas son semellantes. Existe a necesidade dunha maior coordinación.
- Hai unha necesidade de estar coordinados, que non so sexa por fins políticos ou turísticos, senón sobre todo por manter as nosas raíces que tamén deben coñecer os peregrinos
- É importante a meta, que é Santiago, pero non debemos olvidarnos que non chegariámos á meta sen facelo Camiño, e a súa enerxía positiva que se desprende nel, froito do noso patrimonio e da nosa natureza, e a nosa xente.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA, Don Jorge López Rodríguez.



- Está asombrado e asustado con esta Deputación. Non entende como a Deputación que xa antes do ano 1976 foi pioneira do Camiño. Non entende como esta mesa se convoca dende turismo.
- O Camiño é un BIC e non é nada de turismo. O peregrino non é un turista normal, é un peregrino. Ten que ter cousas normais, normais de prezo e tamén o que quere é que os camiños estean en bo estado.
- O Camiño é un tema cultural. Xa o dixen así na reunión no ano 2014 do Plan Director.
- A Deputación, na maneira de enfrontalo Camiño séguelle os pasos á Xunta a nivel turístico e isto é un fracaso, cando a Deputación sempre foi pioneira neste campo.
- Existen moitas ameazas do Camiño Francés, e moitos ataques dos outros Camiños. Fálase dun Camiño Francés saturado....e isto tampouco é así. Non é un quítate ti e póñome eu. Hai sitio para todos, e para cada un o seu.
- O Camiño Francés foi a orixe do resto dos Camiños.
- Cada un temos o que temos e temos que defendelo da mellor maneira posible.
- Volvo a repetir que o Camiño non debe de estar enfocado dende o punto de vista turístico. Ademais nunca se chamaron ás asociacións, cando estas son o motor do Camiño.
- Nas reunións as asociacións son o motor, e sempre as colocaron detrás e nunca diante, cando a Administración e os políticos se aproveitaron do feito do Camiño, e lanzáronse a el coma cans a ver si se comen esta presa.
- Hai que loitar e defender cada un dos Camiños.
- Cada Camiño ten o seu valor. Non se debe atacar o Camiño Francés
- Patrimonio non esta moi pola labor do Camiño. Hai que volver ó orixe.
- Elías Valiña a partir do ano 1983 empezou a loitar polo Camiño ca creación de asociacións para o Camiño. É o Valedor do Camiño. Hai que volver o que el nos dixo, ó principio. Funcionarios desta Deputación traballaron na delimitación dos Camiños e nos trazados orixinais.
- Investigación e descubrimento histórico dos camiños, é no que a Deputación foi pioneira.
- Por qué se desvía todo para Turismo, cando podemos facer todo dende cultura?
- Para mi o Camiño é camiño, peregrinos...e nada máis.
- Os propios concellos teñen abandonado o Camiño, camiños sen limpar.....da igual o cor que teñen.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DA PROVINCIA DE LUGO, Don Ángel Trabada Gómez.

- Existe moita diferenza entre o Camiño Francés o outros camiños e rutas alternativas o seu paso pola provincia de Lugo



DEPUTACIÓN DE LUGO



- O Francés está saturado, mala calidad,...moito negocio e pouca preocupación pola boa atención e calidad de atención ó peregrino.
- Non se trata de quitarlle cousas ó Francés para darlle os outros Camiños.
- Moita culpa do que pasa a teñen os hostaleiros, os dos albergues e os dos bares, que cobran demasiás e mal atenden os servizos, existindo moito abuso (cobro do selado de credenciáis por exemplo)
- Coma non se poña un vixilante en cada sitio, pouca solución ten este problema.
- Hai que diferenciar entre os distintos Camiños. O Francés está masificado, pero todavía estamos a tempo de facelo mellor noutros camiños e rutas alternativas. Hai moito ainda por facer, e de facer ben dado que non existe masificación
- A Deputación e Patrimonio teñen moito que facer neste e ten competencias nalgún camiño, pudiendo actuar na mellora do asfaltado, por exemplo, e o desbroce porque hai tramos que pertencen a Deputación, que ela mesma abriu e na actualidade están sen desbrozar e non se pode circular por eles.
- No Camiño de Inverno, recentemente declarado, e no Norte e no Primitivo e as súas variantes hai moito que facer. Non está masificado, é tranquilo, pero tamén fanse cousas que non se deberían facer. Queda moito por facer.
- O Camiño do Mar, que a provincia de Lugo lle interesa moito, que a nosa asociación sinalizou hai tres anos, morreu porque a ningúén lle interesou. A asociación tamén ten feito tramos da nova variante que descorre por Becerreá, onde pasa o mesmo.
- As novas variantes están desatendidas e morren no camiño
- Propoño que desta mesa salgan outras mesas de traballo.
- É importante e de necesidade de que desta mesa salgan outras mesas de traballo para estes novos Camiños que cruzan a provincia onde hai moito que facer.
- Seguir na liña de traballo que a Deputación iniciou hai anos, onde había un grupo de traballo de investigación que iniciaba e marcaba case tódalas rutas que hoxe están en circulación.
- Sinalar tamén que hai unha variante que vai por A Pontenova, Meira, Castro,.... Lugo...que ven de Asturias, que a asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Lugo, iniciou traballos, sinalizou,ca axuda de persoal da Deputación (Miláns del Bosque). Pasaron información acerca do trazado, e a Deputación tamén colocou pedras para sinalar....pero o proxecto parouse e morreu ata que hai pouco retomouse o tema, pero está vez sen ne se quera chamar ós membros da asociación, o que causó malestar. Houbo varias reunións ás que non fomos convocados, e fomos os promotores da mesma.
- Seguir tendo en conta as asociacións que están ó pé do Camiño.
- Seguiremos a traballar nos diversos Camiños, variantes e trazados dos distintos Camiños o seu paso pola provincia de Lugo.
- Un punto moi importante a tratar debería de ser a Seguridade Vial nos Camiños de Santiago. Importante!!!!..dado que apenas existe. As Administracións teñen que traballar neste, porque hai tramos que van polas estradas. Hai pouco



morreu unha peregrina na estrada e quedou nela. A Deputación colaborou hai tempo neste senso.

- Independentemente de quen convoque a mesa, sexa Turismo ou Cultura, o importante é traballar conxuntamente polo Camiño e os peregrinos, e polos temas que poderemos traballar dende aquí, áinda que cremos que debería de ser cultura quen traballase polo tema.

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don Ramón Fernández Fernández.

- Teño varias propostas algunas delas xa expostas.
- A experiencia do peregrino debería de ser o máis importante. O peregrino é a fonte onde emana o saber do Camiño, sempre baixo a súa experiencia.
- Deste foro podería saír a necesidade dunha xuntanza de peregrinos ...son os verdadeiros voceiros do Camiño e as Administracións os escóitan...a súa experiencia é importante. A experiencia debe ir diante de todo.
- Pensem no Camiño para o Século XXI
- Información de calidade nos albergues para o peregrino. Programación cultural completa do que ten o longo do camiño. Promoción do noso patrimonio e do rural galego. Hai moito más no Camiño cas frechas amarelas.
- Albergues co donativo.....case non hai e é un valor importante son representantes da hospitalidade no camiño.
- Apoio total ós albergues, en especial ós de donativo, que teñen voluntarios, e por tanto os que necesitan máis axudas.
- Control sanitario de tódolos albergues.
- Control do horario nos albergues (públicos ou privados)
- Que os peregrinos síntanse coma na súa casa.
- Fomento escolar do Camiño de Santiago, moi abandonado. Coordinación entre as asociacións, co fomento de xornadas pernoctando nalgún albergue.
- O camiño representa cultura, amizade, natureza e respecto ó medio ambiente sobre todo...protección ambiental
- Control na seguridade dos Albergues
- Sancións económicas no abuso xa existente nos prezos.....e na mala calidade no camiño
- Conservación real *in situ* dos valores patrimoniais no Camiño.
- Sanción da colocación ilegal de carteis particulares no Camiño que non benefician, a frecha de cor amarela é só símbolo do Camiño.
- Lexislar e sancionar económicoamente para evitar estas malas prácticas.
- O Camiño Portugués (no seu paso por Porriño) e o Camiño Primitivo en Parada Nova (A Fonsagrada), son dous claros exemplos de a dexadez das autoridades no control do Camiño.



DEPUTACIÓN DE LUGO



- Limpeza e repintado das frechas nos Camiños, así coma un control legal sobre a colocación destas por particulares e tamén as pintadas que vénse enriba delas.
- Implicación de Deputación e os Concellos no trazado e limpeza do Camiño, así coma a recollida de lixo, en tódalas épocas do ano.
- Concretamente en Lugo, o paso do Camiño Primitivo, a saída peca de pouca sinalización.
- Estes apuntes pode parecer que son de interese propio (por certo a nosa asociación fai agora 25 anos), pero o que pretendemos é que se presta axuda a tódalas asociacións que traballan altruista e gratuitamente polo Camiño. A nosa asociación limpia, sinala, fai frechas de sinalización....atenden e informan ós peregrinos, cos poucos medios e financiación que temos....semprre dende o amor ó Camiño, e sempre sen ánimo de lucro.
- Por certo, O 15 de outubro repintan con voluntarios o Camiño Mozárabe que vai a Santiago, invítovos por certo.
- Un punto importante é o control férreo do diñeiro concedido ós concellos para o Camiño, para que vaia íntegramente ó Camiño. Sería importante a creación dunha comisión independente non política que a supervise.
- Supresión dos puntos negros do Camiño
- Faltan boas intencións e ter en conta ós peregrinos, para que non se conte cunha morte máis.
- Crear un departamento que se adique exclusivamente á realización de enquisas semanais ou quincenais polos diversos Camiños

En representación da ASOCIACIÓN LUGO MONUMENTAL, Don José Antonio Armesto Díaz.

- O primeiro é felicitar a celebración desta iniciativa. Oportunidade de visualizar o traballo e as iniciativas de todos, e sumar os intereses
- O importante é traballar desde o cariño e con ilusión, non quen o organiza.
- Nós o Camiño o entendemos desde 4 puntos, protección do medio ambiental, patrimonio cultural, fixación da poboación e dinamizador económico.
- A importancia é levar a cabo medidas contra o vandalismo e medidas incívicas, os recursos son limitados e isto costa diñeiro. As subvencións costan porque o diñeiro o poñemos nós, aínda que parece que non.
- A nosa asociación ten a premisa de traballar co diñeiro das cuotas dos socios e de non contar con subvencións.
- Tódalas accións deben de ser rentables non só económicalemente.
- A imaxe negativa que se dá ten que compensarse pola concienciación, protección e orgullo polo noso.
- O Camiño é dinamizador e fixador de poboación.
- Necesidade de medidas de loitas contra o vandalismo.



- A rentabilidade no Camiño non é só a económica senón tamén do número de visitas, enfocado no deterioro da nosa paisaxe.
- Lugo Monumental, traballa nunha campaña que implique a toda a xente...administracións....cidadáns....para respectar o noso. Non é so importante o valor económico senón tamén a ilusión...o valor do noso patrimonio...por iso é necesario lexislar para evitar o deterioro do noso patrimonio.
- É importante que se lexisle e protexan os bens patrimoniais e que se persigan as actitudes incívicas.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE, Don Manuel Muñiz Besteiro.

- Coincido con moitas cousas das que se din aquí
- As mortes e incidencias nas estradas é un problema grande. Isto débese en gran parte porque a xente pechou os camiños tradicionais, roubáronse os camiños....é preciso recuperar o valor histórico do Camiño. Dende a nosa asociación se está a traballar neso (Castroverde)
- O Plan Director do Camiño de Santiago debería corrixir a deriva na que se converteu o Camiño de Santiago, no seu viaxe oficial, onde se perdeu o concepto inicial onde naceu o Camiño: a espiritualidade, cultural, ...que se perdeu polo fenómeno de masas e de explotación turística e mercantilistas que se converteu, pola súa excesiva sobre explotación, que poñen en perigo a súa conservación e protección.
- A legalización do Plan Director do Camiño de Santiago debería estar coordinado polo departamento de Patrimonio Cultural e integrado no Plan do Xacobeo
- Coordinación entre as administracións.
- O documento debería de conter modificación da Lei de Protección do ano 96, incidindo naqueles capítulos onde sinala o Camiño como BIC, maiormente ante tódolos graves atentados que está a sufrir o Camiño.
- O seu enfoque publicitario debería cambiar
- Importancia tamén do patrimonio inmaterial e a súa simboloxía.
- Creación dun novo documento integrador, ofrecendo pautas claras sobre o trazado e a simboloxía no Camiño.
- O documento debería de ter en conta a intervención de diversas administracións e axentes implicados (municipais, eclesiáticos, mancomunidades....)
- A rede de Camiños debería de estar integrado na rede de Camiños nacional e contemplada nos distintos planeamentos e plans de desenvolvemento
- O Plan debería favorecer o uso de edificacións de importancia patrimonial como albergues, tendo beneficios a nivel fiscal, que favorezcan así o seu uso, con persoal debidamente formado e capacitado
- Implantación das novas tecnoloxías no camiño, que permitan o seguimento e control do estado dos camiños en tempo real.
- Centros de documentación adecuados.



- O Camiño debería ser o impulsor da cultura por aqueles lugares por onde transita.
- Potenciar a conservación da paisaxe.
- Despolitizar as intervención no Camiño, creando un órgano independete para a súa xestión.

En representación da ASOCIACIÓN ADEGA, Dona Adela Figueroa Panisse.

- Existen moitas coincidencias en cousas.
- Queixas sobre que sexa turismo o que leve este tema.....porque a cultura é o eixo rector...non o turismo....a conservación do patrimonio cultural é o motor o debería de selo no camiño.
- A orixe e a historia...a cultura do Camiño debería de ser o eixe no camiño
- Hai pouco estiven na Bretaña Francesa nunha abadía que é "Punto 0" do Camiño de Santiago. O Camiño de Santiago é a representación do noso País no Mundo. É a dignidade que trae o benestar o noso país. A dignidade das persoas trae o seu benestar físico, económico....
- Coma decía outro compañeiro (Alfonso), as autoridades machacan ó pobre e o poderoso, déixao intacto.
- ADEGA integrada no Foro do Camiño, interpuxo co seu diñeiro demandas a favor da protección dos Camiños. Camiños defendidos en diversos roteiros, que moitas veces pérdense por apropiacións indebidas de particulares e tamén polas administracións.
- ADEGA interpuxo unha demanda contra Fincas Carballido, tema por todos coñecido, que cortou o Camiño, apropiouse del, ó igual que veciños de San Xoán do Alto, que se apropiaron de tramos orixináis do Camiño, ámbolos dous co apoio da Administración.
- O Tribunal Superior de Galicia contestou que isto non era importante. ADEGA co seu voluntariado maniféstase contrario a dita resolución, que vainos facer pagar máis de 3000 €.
- Segundo co dito nesta mesa, corrixiría que o Camiño precisa de protección das especies e dos ríos que van polo mesmo, e o que non precisa é de novas plantacións. Hai que conservar e protexer a existente.
- O Camiño Primitivo é o Rei dos Camiños, coma o seu nome indica. É o que unía Oviedo co Reino de Galicia, é ten unha causa e orixe histórica. Con isto non menosprezo ó resto dos Camiños.
- A falta de cultura trae o desastre para os países.....a cultura ten que ser o eixo do Camiño.
- O turismo ven coma unha consecuencia, pero a cultura é o eixe. A falta de cultura trae pobreza e funde ó pobre e ensalza ó poderoso.
- Os Camiños de Santiago son as minas a ceo aberto que temos en Galicia. E a nosa gran riqueza!!!!...pero temos que saber facelo.



DEPUTACIÓN DE LUGO



- O Camiño Primitivo ten un asfaltado "inculto"...existen moitas queixas ó respecto. Este Camiño é o que está en peor estado.
- Os peregrinos quéixanse dese asfaltado "inculto" de pistas e adoquíns.
- Se se perde o seu valor...co tempo perderase.
- Se morre a nosa historia morremos nos tamén
- É preciso que o que se di no plan Director se cumpla....q non só quede nun trazado de boas intencións.
- Conservar as especies e non plantar máis especies foráneas, que isto parece un monocultivo de eucalipto, onde vai este País con esa planificación ambiental? "Ben de ningúen vai para ningures".
- O Camiño Primitivo é a xoia de Lugo, e é o gran descoñecido. Os que somos de Lugo non o sabíamos ata hai pouco. Eu que vivo en Conde Pallares o Camiño Primitivo pasa por diante e eu non o sabía ata hai pouco. Estamos gobernados pola incultura.
- Na Bretaña todo esta moi ben coidado e se paseamos polo Carme en Lugo hai moita diferenza.
- Temos que facer valer a voz da ciudadanía, estamos a pé de obra facendo un traballo voluntario. A importancia do traballo dos voluntarios na conservación do noso patrimonio hai que tela en conta.

En representación da ASOCIACIÓN DO CAMIÑO PRIMITIVO (Dona Xosefa Ortiz-De Galisteo Pérez).

- Vai facer unha intervención breve, empeza recoñecendo que o estado do Camiño Primitivo o seu paso por A Fonsagrada nunca estivo tan limpo coma nos momentos en que a asociación e os voluntarios empezaron a traballar nel. *
- A situación actual está moito peor, dado que os voluntarios cansámonos de traballar nel e houbo tamén unha malversación dos fondos
- O asfaltado case sempre non coincide cos materiais da zona, as cunetaso traballo final ata fai que sexa perigoso para as bicicletas pola inclinación que deixa. Falta sensibilidade a hora de traballar, sinalizar...(Montouto)
- Hai cambio no trazado. O Camiño xa non entra por A Fonsagrada (entrada histórica)
- Control na sinalización porque existen modificacións de particulares.
- En relación a un comentario doutro compaño, dicir que ningún dos Camiños son variantes. Non deberíamos de falar de variantes no camiño...tódolos Camiños teñen a súa personalidade propia.O Camiño Primitivo ten antecedentes históricas, se a caso poderíase considerar como variante, o Camiño o seu paso pola Ponte dos Santos, porque non está recoñecida coma tal, porque a súa existencia non é moi histórica.
- O igual que o di Adela por ADEGA, existe un deterioro grande da pasiaxe. É o noso patrimonio.
- A Administración non contribúe a súa conservación. Hai intereses particulares e económicos que favorece a plantación de *Eucalyptus niitens* de forma indis-



DEPUTACIÓN DE LUGO



criminada no interior, e a Administración non fai nada por evitalo. Os forestais non fan nada.

- A xente que vive preto no Camiño. A Xunta convoca axudas para restauración de casas ó pé do Camiño. Non se pode confrontar as persoas co Camiño.
- Existen axudas por parte da administración para restaurar casas o pé do Camiño....e tamén existen melloras feitas no Camiño...pero ten que primar as persoas que viven o pé do Camiño...estas melloras non poden perxudicar.
- Hai q ter sensibilidade, respecto..e cultura a hora de traballar no Camiño.
- O Camiño ten que convivir cas persoas. Os negocios e os albergues son moitas veces contrarios á sensibilidade, á cultura e ó respecto.

Fala a continuación Xesús Basanta, que ven coma acompañante dentro da Asociación Abrindo Camiño ao seu paso por Mondoñedo.

- Polo concello de Mondoñedo a sinalización está ben, o malo é a roza. Quere facer unha pregunta, se algunha institución dotara ós concellos para que cada concello limpara o seu camiño o seu paso por el.

Neste momento fala a **Deputada Pilar García Porto**, dado que esta persoa que está intervindo é un segundo representante dunha asociación que xa interveu (ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ETAPA 31), a Deputada recordalle que sóamente pode falar unha persoa por asociación, tal e como se recomendou o principio da mesa.

Xesús Basanta está de acordo, e prosegue a Deputada comentando que seguimos coa segunda rolada de intervención, rogando concreción e brevidade dado que son as 12.00 h, tendo que rematar a mesa ás 12.30h. Hai unha gravación feita e estanse a recoller o principal das intervencións.

Segunda rolda de intervencións

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DA ETAPA 31, Dona Helena País Lojo.

- Coma suixerencia, o formato desta mesa é moi ríxido, deberíamos estar nunha sala más sinxela, é una crítica constructiva. Mesas más pequenas, cada una dun Camiño, que favorecerán o diálogo e as intervencións. Mesas separadas por Camiños.
- O Plan Director está moi ben, é corto e conciso, hai que poñer en práctica todo o que di, e non faría falta facer Plan Director.
- Cántas persoas das que lexislan, e traballan dende a Admininstración coñecen o Camiño, ou fixérono?
- Temos que vender cultura, e benestar para os veciños.
- O Camiño non debe ser unha penalización para o veciño.
- Hai que volver á orixe e os valores dos Camiños, senón parece un parque temático
- Hai que aplicar as leis de protección dos Camiños e nada máis.



DEPUTACIÓN DE LUGO



En representación de **FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO**, Don José Antonio de la Riera.

- Coincido con case todo o que se di aquí, e comentar (fai alusión a **ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA**, Don Jorge López Rodríguez..) que me chamaron para a redacción do Plan Director do Camiño de Santiago. Teño ganas de falar co Director do Xacobeo. Púxeronos a película "The Way", e faláronnos a nós, sobre o que era o Camiño, a nós!!!... que levamos traballando tanto tempo nel.
- Consenso cero cas institucións xacobearas
- Estamos apuntando en moitas direccións neste tema, cando en realidade é bidireccional.
- A Catedral de Santiago ten moita culpa do que está a ocorrer, primeiro adxudicáronse as credenciáis, algo indescriptible, en segundo lugar está o tema dos famosos 100 quilómetros e a súa pesadilla, e en terceiro lugar, están despreciando o Camiño. O Outro día o Deán da Catedral de Santiago facía unhas declaracions nun diario de cabeceira, o Correo Galego, aparecía que o importante do Camiño era a meta. Con todo isto, señores, vánse quedar sen camiño, se nón hai Camiño vánse quedar sen a súa meta. Con todo isto Compostela estase converter noutra ruta fácil, nun horror.
- Hai que ir más ó práctico.
- Teño catro propostas:
 - 1. Solicitar e clamar a voces se fai falla, que pasen a xestión do Camiño a Cultura ca integración do camiño como BIC en cultural. Propoño que o votemos aquí para presentala.
 - 2. Existe un "desmadre" nas sinalización. Sinaliza calquera. Pedir que exclusivamente as frechas amarelas rexistradas sexan as que valga. Aínda que todos sinalamos ca nosa mellor voluntade, pero que por favor que ninguén poida intervir en cambiar o trazado do Camiño.
 - 3. Son Asturiano, case todos sodes de Lugo, e extráñame que ninguén fale de Elías Valiña. Existe moita indignación que a Xunta de Galicia quitase o ano pasado o Premio Elías Valiña, e sen embargo convoque outros para alcaldes amigos. Tratábase dun premio que se lle daba a xente humilde. El premio Elías Valiña é necesario que estivese restituído, e dende aquí pido ó Presidente que revindique isto.
 - 4. Hai representantes aquí de albergues privados, e quería facer mención dos albergues donativo e da importancia de hospitalidade, fundamental no Camiño de Santiago. Dende aquí quería pedir un tratamento especial para estes albergues donativo, dado que sen eles o Camiño non existiría.

En representación do **CLUSTER DE TURISMO DE GALICIA E DA ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE HOSTELERÍA**, Don Francisco José Real Castro.

- Non intervén

En representación da **ASOCIACIÓN GALEGA DE ALBERGUES**, Don Pedro Xosé Quintana López.

- Está bastante claro todo. Soamente sinalar dúas cousas: que as administracións fixeran unha sinal única do Camiño, así coma unha única imaxe, non va-



rias sinais como hai agora. É preciso unificar, porque só marean o peregrino. Sacaríamos toda a papeleria e cartelería existente.

- Por outro lado, no Camiño Francés hai moitos albergues, falta moita profesionalidade e hospitalidade. Falta coñecer o peregrino, que non é un turista calquera. Falta de empatía cara os peregrinos.

En representación da ASOCIACIÓN ANCARES PATRIMONIO, Don Xabier Moure Salgado.

- Agradecemento pola convocatoria desta mesa, por todo o que aquí se está a dicir, que de todo isto se aprende. Gracias

En representación da FORO DE AMIGOS DO CAMIÑO PRIMITIVO. Adolfo Marín.

- Coma reflexión e no fío da sinalización sinalar a importancia nas aplicación das novas tecnoloxías no Camiño, establecendo unha única plataforma que ofrece unha boa e veraz información. Dentro da información dixital ofrecer unha boa plataforma.

En representación da ASOCIACIÓN CAMIÑOS A SANTIAGO POLA RIBEIRA
SACRA, Dona Aida Menéndez Lorenzo.

- Fomento escolar nos Camiños de Santiago, dado que se sabe pouco do camiño nos centros (eu son profesora nun Instituto e doume conta disto). É fundamental unha unidade didáctica para acercar os pequenos. A través dos pequenos que ten unha sensibilidade especial e a través deles pódese chegar ás familias.
 - A seguridade vía tamén é importante (necesidade de ir co chaleco de seguridade). Hai numerosos cruces nos camiños, tramos que van polas estradas. As Administracións teñen que poñerse as pilas e dende as Asociacións tamén. Dende a nosa asociación todos imos con chalecos de seguridade. É unha maneira de dar exemplo.
 - Necesidade de que as distintas Administración escoiten e saibam dos traballos que fan as diferentes asociacións. Somos as asociacións as que empezamos cos Camiños, e agora as administracións súmanse a el. O que pedimos é que as administracións respecten e teñan en conta as asociacións.

En representación da ASOCIACIÓN ABRINDO CAMIÑO, Don Alfonso Blanco Torrado.

- En apoio ó solicitado por outros compañeiros, sinalar que a variante marítima do Camiño Norte é un clamor nesa zona. A San Martiño de Mondoñedo achéganse moitos peregrinos, sendo a Básilica máis antiga de toda Europa. Ter en conta esta súplica.
 - Pola zona de Terra Chá están a desaparecer indicadores, que non sei se os pintan ou rouban, igual é polo material (metal, aceiro...), pensar que hai que analizar o material dos fitos, hai que ver se isto pasa en outros lugares.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA, Don Jorge López Rodríguez.

- Eu fui a primeira persoa que deu a cara cando quitaron os mogóns que puxera a Deputación na sinalización do Camiño Francés, e grazas a isto non quitaron máis.



DEPUTACIÓN DE LUGO



- Eses mogóns sabemos que están gardados nesta Deputación, e dende aquí quería facer unha petición, mellor que estéan gardados que non roubados. Neste xeito facer a petición de que estes mogóns se nos foran devoltos a modo de monumentos para que algún tipo de visitante os vexa en sitios emblemáticos. Buscar puntos no Camiño Francés para poder colocálos, aproveitando esta mesa para que sexa trasladada a petición ó Presidente da Deputación. Con artistas e artesáns locais encargaríamos de facelo para que a xente os vexa.
- Conservación de pedras existentes dende hai moito tempo que aparecen polo camiño que teñen moito valor sentimental para a xente que pasou polo camiño. É algo simbólico.
- Retomando o tema de Elías Valiña, coñecido como "O Cura do Cebreiro", fillo predilecto de Sarria, nacido en Sarria, é a cuna e a orixe do Camiño de Santiago na provincia de Lugo. Existe a necesidade dunha homenaxe e de volver a convocar o Premio Elías Valiña no seu honor. A Deputación podería volver a convocalo e compensar a nefasta xestión que fixo a Xunta de Galicia ó retirar dito premio.
- O Camiño é unha fonte de riqueza e parece mentira que a Administración non a saiba xestionar, é unha mina de ouro, coma xa dixerón aquí antes.
- O Premio era para a xente traballadora e humilde.
- Propoño que a Deputación o retome, sería unha gran satisfacción para as asociacións e para os peregrinos do mundo. Non se dan conta do aprecio que ten o Mundo a este cura.
- Non podemos perder o legado que el nos deixou.
- A nivel Mundial está recoñecido, pero aquí non. Se a Deputación recoñecera e retomara isto sería moi importante para o Camiño de Santiago.

En representación da ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO DA PROVINCIA DE LUGO, Don Ángel Trabada Gómez.

- Súmome o tema de recuperar o Premio Elías Valiña, polo menos a nivel provincial, e indicar polo que se dixo aquí que o premio tamén era dado no só á alcaldes, concellos...senón tamén á asociacións que traballan polo Camiño, pero isto e a súa retirada pola Xunta de Galicia sería outro tema.
- Temos dúas propostas: 1. Continuidade desta mesa, mantemento e continuidade. Que isto non quedase só nesta mesa. Mesas separadas por Camiños, que teñen prioridades distintas: mesas sectoriais, más reducidas, abertas a todo o mundo centradas no camiño, falando tamén de novos trazados e rutas provinciais. 2. Logo tamén pediría a nivel de Deputación de levar a FITUR o Camiño de Santiago o seu paso por Lugo. Necesidade de promoción: folletos, web.....traballo promocional. É curioso que somos a provincia que ten máis quilómetros, e promocionalmente non hai material, vaise a FITUR; por exemplo con vellos folletos, onde non se recollen os novos trazados, alternativas ou variantes.....Dende a Deputación deberíase elaborar material, porque entras na web propia da Deputación, xa sexa dende Cultura ou Turismo, e están colgados uns mapas antigos dos Camiños, non actualizados cos novos trazados. Dende a Deputación e en concreto dende a Fundación TIC, creo que estabanse a fazer uns reportaxes ou vídeos sobre os Camiños de Santiago ó seu paso por Lugo, e isto é unha boa forma de dar a coñecer a nosa provincia. Promocionalos a nivel de TV local, rexional, nacional. A Deputación podería facer



DEPUTACIÓN DE LUGO



unha boa labor neste xeito. Estar en Madrid e ver que non existe material promocional, cando o resto dos Camiños levan material é moi penoso.

Neste momento intervén a **Deputada Pilar García Porto**, indicando brevidade e que nos centremos máis no tema, porque lle comunican que as outras mesas de traballo xa han acabado, e esta segunda rolda de intervencións está a cundir máis e aínda quedan persoas por intervir.

En representación da ASOCIACIÓN GALEGA DE AMIGOS DO CAMIÑO DE SANTIAGO, Don Ramón Fernández Fernández.

- A maioría das asociacións pertencen a provincia de Lugo, por elo prefire escotar para aprender e analizar a problemática existente na provincia, dado que representa a unha asociación que traballa para toda Galicia.

En representación da ASOCIACIÓN LUGO MONUMENTAL, Don José Antonio Armesto Díaz.

- Vou ser breve. Eu incidiría en dúas cousas.
- 1. Concienciación das persoas, voluntade para facer cosas con cariño e ilusión. Da igual que sexa levado por Turismo ou por Cultura porque o importante son as persoas. Eu encontreime con persoas de todo tipo, competentes e non. O importante é que se tomen os proxectos con cariño e ilusión.
- O que é necesario, máis que ir a FITUR;....é unha campaña de concienciación en colexios, institutos, entidades, institucións....cidadanía,...o camiño é a nosa casa, hai que protexelo, lexislar.....Campaña de concienciación da cidadanía....O Camiño é a nosa casa, hai que coidalo coma nosa casa, coidando as conductas incívicas coma o problema do botellón na Catedral de Lugo.
- 2. É necesaria a continuidade desta mesa, o importante é o mesmo obxectivo e a boa voluntade. Un plan de acción comeza dende proxectos macro que van levándonos ata proxectos micro. Tódalas iniciativas aquí presentadas parécenme ben, o Premio Elías Valiña,...a maioría de cousas que se piden non costan diñeiro, senón voluntade.

En representación da ASOCIACIÓN AMIGOS DO PATRIMONIO DE CASTROVERDE, Don Manuel Muñiz Besteiro.

- Recuperación do trazado histórico e orixinal dos camiños, sobre todo do Camiño Primitivo. Pedimos aquí a colaboración xa que estamos, se os parece ben a súa recuperación.

En representación da ASOCIACIÓN ADEGA, Dona Adela Figueroa Panisse.

- ADEGA está dentro do FORO do Camiño, invita a tódalas asociacións a participar nel, está aberto a todo o mundo.
- Denunciar que tivemos un pleito contrario que costounos as costas, para recuperalo trazado histórico. Nós somos partidarios de recuperar o trazado histórico.
- Dixéronse aquí dous cousas cas que non estou de acordo. 1. De facer pequenos grupos, e eu creo que non, porque esta mesa é moi enriquecedora, esta-



mos escoitando diferentes problemáticas que teñen en común a cultura e a economía. Nexo de unión é a cultura. 2. Outra cousa, ca que tampouco estou deacuerdo, é que dixeron de material obsoleto (mapas), pois coidado con isto, porque nós precisamente o que defendemos é o trazado histórico do Camiño. Culturalmente é moi importante. Non hai un Soutomerille de casualidade, nin unha Fonsagarda, ou Augas Santas tampouco, nada é casualidade. Pedimos as vosas axudas. Apoio o meu compañoiro sobre a defensa do trazado histórica do Camiño. Porque iremos a Madrid a loitar por iso, non nos queda outra que seguir loitando ou pagar as costas. Convídovos a que estudeades e consideredes se os convén ou non apoiar a nosa iniciativa.

Neste momento parece que se iniciaba un diálogo entre participantes da mesa, pero intervén **Pilar García Porto, a Deputada**, para decir, que se podría seguir co diálogo, pero non hai tempo, e que dado o número de participantes, e o pouco tempo de que se dispón, as restantes mesas xa hai tempo que remataran, polo que comenta que non hai tempo y que temos que rematar a rolda desta segunda intervención. Isto ten que ser algo vivo pero hai que expoñer tódalas conclusóns, e é positivo a participación, mesas más pequenas para que existan más diálogo. Modera as participacións, ten una labor de moderadora e nada política. Continuamos e rematamos xa, antes comentarei conclusión onde non se pondrán nomes, o importante son as ideas. Continuamos....

En representación da ASOCIACIÓN DO CAMIÑO PRIMITIVO (Dona Xosefa Ortiz-De Galisteo Pérez).

- O trazado histórico e importantísimo porque é a orixe de todo.
- A recuperación do trazado histórico do Camiño Primitivo é fundamental porque está en xogo a Declaración de Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.
- A defensa cultural do Camiño, para que sexa traslado a Patrimonio e non ó departamento de Turismo.
- O Camiño Primitivo ten que ter una interacción constante con Asturias.
- O sinal, a frecha, símbolo de Elías Valiña, ten que primar por todo o Camiño, sendo o mellor recoñecemento ó traballo deste cura.
- As Administracións públicas deben traballar dun xeito coordinado

Neste momento intervén da ASOCIACIÓN AMIGOS DO CAMIÑO NA COMARCA DE SARRIA, Don Jorge López Rodríguez

- Todo sería más fácil se a Lei 396 se cumprira. Non faría falta Plan Director.

A continuación e para rematar intervén a **Deputada Pilar García Porto**, sinalando a maneira en coma vai a comentar as conclusóns e o resumo do dito nesta mesa de asociacións.

Resumo

Debilidades

Fortalezas

Habería un documento que se vai a elaborar e se farán unhas conclusóns.

Trasladaránse de maneira conxunta da mesa

- Recuperación da traza histórica



DEPUTACIÓN DE LUGO



- Os camiños que sexan dependentes de departamentos de Cultura
- Que as administracións deben de traballar conxunta e coordinadamente, desaparecen a duplicitade de competencias polo ben do Camiño.

As conclusións son moitas, pero quizás existen tres temas importantes: trazado histórico, dependencia os departamentos de cultura en lugar de turismo, administracións públicas (concellos, Deputación e Xunta), todas deben de traballar dun xeito coordinado. Deberían delimitarse as competencias de cada administración.

Intervén da **FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO**, Don José Antonio de la Riera.

A nivel nacional está o Xacobeo, que é un ente inútil, pero debería de ser o coordinador, e debería de ser este o único órgano que coordinase a todos los demás. La UNESCO tamén coordina. Son entes que teórica e culturalmente debería coordinar.

Volve intervir a **Deputada, Pilar García Porto**

Os restos de mesas concluíron. As 12.45h reuníremos para falar conxuntamente.

Eu sería a vosa voz e as demáis conclusións quedarán recollidas nun documento que é recollido pola funcionaria que está aquí o meu lado, agradecendo o seu traballo.

Intervén da **FRATERNIDADE INTERNACIONAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO**, Don José Antonio de la Riera.

Poderanse facer preguntas os representantes das mesas? Representantes do Xacobeo e da Dirección Xeral....

Volve intervir a **Deputada, Pilar García Porto**

Na presentación, o Deputado de Turismo, Eduardo Vidal Baamonde, xa aclarou que haberá tamén una rolda para o debate.

Agradece a participación da mesa, que foi un pracer. Pide disculpas por se hai algo que non se traslade correctamente. E os empraza para vernos na mesa xeral de lectura de conclusóns.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión da Mesa de Asociacións ás 12.45horas.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as doce horas e carenta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifica.